

1. O libro conta unha historia de misterio. Relata a historia dun rapaz chamado Nicolás que vive nun pobo chamado Eiravella e que non vai á escola. Os seus pais non o saben e pensan que o seu fillo cumpre coas súas obrigas. Nicolás soamente foi tres días a escola e non volveu máis, porque tiña medo a fracasar. Neses tres días fixo dous amigos: Ramiro e Sol. Nicolás pediulle a Ramiro que lle deixase as súas notas, para falsificalas como se fosen as súas. Cando chegaron as vacacións, Nicolás puxo en marcha o seu plan, ... Delio, o seu tío, é reloxeiro e chéganlle reloxos moi antigos. Un deles, feito en 1700, tiña un falso fondo, no que había un debuxo, tres cartas de namorados e unhas moedas envoltas nun pano. Delio e o seu sobriño puxéronse a indagar na historia do reloxo, xunto con Sol e Ramiro e descubren que ... Esa xoia creara enfrontamentos entre os membros da familia, ansiosos de conseguila. Coa axuda de Silverio, o namorado que escribía as cartas, ... O libro é moi intrigante e entretido. É un libro fácil de ler, e unha boa opción para pasar un bo rato. Recomendolle este libro a quen guste de ler libros de misterio e intriga. **(José Manuel)**

2. Este libro nin me gustou nin me desgustou. Aínda que me parece que o final é un pouco complicado debido á gran cantidade de nomes que tes que asimilar. Na miña opinión o final do libro non remata ben, xa que o ... A personaxe que máis me gustou foi Sol, pola súa coraxe. Pola contra, o que menos me gustou foi Silverio, non me gustou a forma da que se aproveita de Superia. **(Andrea)**

3. Trata sobre uns nenos que intentan resolver un misterio sobre asasinatos e o fan coa axuda do tío dun deles. O libro esta moi ben, é moi interesante. **(Alberto)**

4. O libro non me gustou completamente porque todos os que lemos teñen un argumento moi similar e faise aborrecido, un grupo de rapaces que pretende resolver un misterio, penso que deberían seleccionarse, de cara ao próximo curso, libros que sexan distintos uns dos outros e non sempre a mesma historia, tamén se deberían pór libros de autores diferentes porque son todos moi iguais. Aínda así, creo que está moi ben narrado e é unha boa historia, fai que por uns momentos sexas un personaxe máis da historia. **(Elena)**

5. A min esta historia gustoume moito aínda que ten partes un pouco paradas. Todo comeza un día nas vacacións de Nadal cando Delio, que é reloxeiro e tío do protagonista (chamado Nicolás), atopa nun reloxo un dobre fondo cunhas moedas e un debuxo, todo iso envolto nun fermoso pano. Este reloxo, despois de moito investigar, provén ... Nicolás e os seus mellores amigos deciden mentir e dicir que están facendo un traballo para a escola e así poder entrar no pazo a adiviñar cousas. O pai dunha amiga de Nicolás que axuda na misión (a nena chámase Társila), axúdaos dándolle moita información pois él coñece moitas cousas da historia de Eiravella. Ó final, eles descubren... ...NON VOU DESVELAR MÁIS! **(Rafael)**

6. A min non me gustou o libro persoalmente porque me aborreceu moito e penso qe as historias para nós deberían de tratar sobre outras cousas non sempre do mesmo esbozo, teñen algo en común que fan que cansen. Un Saúdo! **(Silvia)**

7. Empezarei contando o argumento. O relato conta a investigación que levan a cabo un grupiño de rapaces a causa dun reloxo. Estes rapaces querían saber o motivo polo que dentro do reloxo había cartas sobre unha parella de

namorados. Despois de buscar pistas no pazo e investigar no reloxo descubriron que existía unha gran xoia... .Eles mais o tío dun dos nenos deciden ir a atopar a xoia. Este libro semellóuseme moito ao anterior en intriga e misterio aínda que este está ben, o anterior gustoume mais xa que deixa participar o lector. O libro é bastante curto e fácil de ler, ten partes emocionantes e outras moi aburridas pero en resumidas contas de 10 eu doulle un 7. **(Eligio)**

8. Pareceume un libro moi interesante, xa que trata dun neno que non quere ir á escola e falta, e é de intriga, misterio e aventuras **(Anónimo)**

9. Para min este libro non me gustou moito, aínda que é curto, pareceume aburrido e un pouco pesado. Este libro trata dun grupo de rapaces, dun reloxeiro chamado Delio, tío dun neno chamado Nicolás. Un día, a Delio, leváronlle un reloxo para ... Se queres adiviñar de quen era o reloxo, le o libro, recoméndollo aínda que é un pouco aburrido, engánchate á lectura, se non proba e verás. Hai outras partes do libro que non me gustan, pero despois do malo, isto xa non é tan malo. Atrévete a lelo, gustarache. **(Alejandro)**

10. O libro non me gustou moito, xa que era parecido a outro que lemos. O relato di dun neno chamado Nicolás que non vai á escola, queda na casa sen que os seus pais o saiban. Polas ardes vai á casa do seu tío Delio, que repara reloxos e vive nun vagón... Se queredes saber como remata, o tendes que ler. **(Irene)**